(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º 110

Serie A N.º 1177970

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 - MAIO - 2006

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

3.- PROPOSTA DENOMINACIÓN VIAIS E CAMBIO DE DENOMINACIÓN DOUTROS NO CASCO URBANO DO CONCELLO.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

4.2.- MOCIÓNS.

4.3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas do día vintecinco de maio de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. FERMÍN ALFAYA PAZ, D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asiste, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as Concelleiros/as D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. RODOLFO PATO GARCIA, e Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezasete votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), acorda prestar aprobación ó acta da sesión celebrada con carácter ordinario polo Pleno do Concello o día **27 de abril de 2006.-**

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.-

Dada conta do seguinte expediente de modificación de crédito:

- 6/06, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 20.04.06, mediante xeración de crédito, por importe de 63.909,60 euros.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, dase por enterado do expediente administrativo de modificación de crédito anteriormente relacionado.-

3.- PROPOSTA DENOMINACIÓN VIAIS E CAMBIO DE DENOMINACIÓN DOUTROS NO CASCO URBANO DO CONCELLO.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Interior de data 23 de maio de 2006, que transcrito dí:

"Antecedentes.-

Proposta da Presidencia da Comisión de data 23 de maio de 2006, que transcrita dí:

"Aínda son moitos os camiños e rúas do Concello que carecen dunha denominación clara, tanto na súa toponimia como no seu percorrido por isto, esta Presidencia está realizando un estudio que permitirá unha mellor localización, así como a denominación toponímica dalgunhas rúas do Concello, solventándose así numerosos problemas xurdidos con Correos polo reparto das cartas.

Mantidas reunións con veciños e co historiador Martínez Crespo, esta Presidencia ven en propoñer os cambeos seguintes, que figuran nos planos que se adxuntan:

- Denominar RÚA DAS REGATEIRAS, ó actual tramo da Rúa Prata dende a escaleira da actual rúa Prata ata a rúa Picota, por detrás da rúa General Rubín.

- Denominar RÚA DA LEÑA, ó actual tramo da rúa Prata dende o número 17, ata o inicio da rúa Loureiro.

- Denominar CALELLA DE DON BASILIO, ó calexón dende a praza da cafetería Venus ata o número 17.

- Denominar RÚA CABO DOS FUMEIROS, ó tramo da rúa Picota que vai dende a rúa General Rubín, ata o número 5 e 70 da actual Rúa Picota.

- Denominar PRAZA FONTE DO MOURO, á actual praza onde remata a Rúa Picota.

- Denominar RÚA FIGUEIRAL, ó actual tramo da Rúa Adro, que vai dende o número 36 ata a confluencia das Rúas Telmo Bernárdez e Eidos.

- Denominar RÚA DO MUIÑO, ó actual tramo da Rúa Adro que vai dende a de "Taller Paulino" ata o río.

- Denominar RÚA ESFARRAPADA, ó actual tramo da Rúa Espíritu Santo, que vai dende a Rúa Campo de Redes ata o Calexón que vai dende a rúa Loureiro ata Espiritu Santo.

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

- Prolongar a RÚA CAMPO DE REDES, ata o final dos edificios sinalados cos números 14, 16, 18 e 20 da Rúa Eidos."

Intervencións.-

(...)

Votación e dictame.-

Sometido pola Presidencia o asunto a votación, a Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo sete votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 1 do B.N.G), estimou oportuno dictaminar favorablemente a proposta da Presidencia transcrita, e na súa consecuencia propoñer ó Concello Pleno, a súa aprobación.-"

INTERVENCIÓNS.-

Pola concelleira Sra. Lago Aller aclárase que, despois de que o tema pasara por Comisión valorou a cuestión e chegou á conclusión de que era mellor elimina-la ampliación do Campo de Redes posto que pola zona hai máis rúas e podería inducir a confusión e, por outra banda, se lle pasou por alto na comisión a proposta de que a nova travesía á Picota se denomine AMEIXEIRA.

O concelleiro Sr. Bastos Fernández pregunta o por qué destes cambeos, respostándolle a concelleira que moitas rúas transversais tiñan o mesmo nome que as principais e o que se fixo é acadar a denominación máis axeitada de acordo co asesoramento dun historiador que investigou sobre o asunto.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno acorda por unanimidade dos seus membros presentes, sendo dezasete votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), aprobar o dictame da Comisión Informativa de Interior transcrito, coas modificacións propostas pola presidencia da Comisión, de eliminar da proposta a prolongación do Campo de Redes e, engadir como denominación de RÚA AMEIXEIRA a nova travesía á Picota.-

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.-

O Concello Pleno dase por enterado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día 22 de abril ó 19 de maio de 2006.-

4.2.- MOCIÓNS.-

Non se trataron asuntos neste punto da Orde do Día.-

4.3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

- O concelleiro SR. DIAZ MOURELLE, formulou as seguintes preguntas:

1.- Con relación á concellalía de deportes, que dito sexa de paso, "o concelleiro delegado, nos fai

traballar sin descanso", quixera facer referencia ó tema das subvencións ás entidades deportivas, xa que os expedientes aparecen incompletos.

1.1- ¿Por qué non aparecen os expedientes detaiados si de verdade se queren repartir as subvencións de xeito xusto?.

Resposta: O Sr. Alcalde dí que os expedientes están completos e que outra cousa e que teña que interpretalos, xa que debe facer os números.

1.2.- ¿Cómo explicar que en tres anos de lexislatura tivéramos dous ou tres comisións informativas?.

Resposta: O Sr. Alcalde dí que somentes é preceptivo que vaian a Comisión aqueles asuntos que son competencia do pleno do Concello e, aparte diso, o concelleiro ten facultades para convocalas para outros asuntos, cando o estime oportuno.

1.3.- Podería resumirnos as actuacións máis importantes no que levamos do ano 2006 realizadas pola concellalía?.

Resposta: O Sr. Alcalde manifesta que éstas son moitas, entre elas : Promoción do deporte básico; subvención aos clubes que levan as escolas deportivas; mantemento de instalacións; solicitude para dotar de céspede artificial ó campo de fútbol de Chapela e acondicionamento do entorno; subvención aos clubes que se desprazan fora a xogar; arranxos nos pavillóns polideportivos, ... etc.

1.4.- ¿Qué proxectos pretende realizar no que resta de lexislatura?.

Resposta: O Sr. Alcalde dí que entre os proxectos se está negociando un novo pavillón para Redondela e un campo de fútbol en Rande, así como unha nova área recreativa en Cedeira.

2.- Nos, dende o Partido Popular, entendemos que non se poden utilizar os mesmos criterios para decidir onde se realiza unha festa, con independencia de si se trata do casco urbano ou non, e das medidas organizativas que lle corresponde tomar ó Concello. Preguntamos:

¿Qué medidas se toman para organizar e regular estas festas?.

¿Qué criterios se seguen para seleccionar o mellor lugar para a realización destes festexos?.

Resposta: O Sr. Alcalde dí que as festas se organizan ben con independencia de que ó concelleiro que pregunta lle gusten ou non. Se toman todas as medidas que se consideran pertinentes para que todo saia ben, o que non impide que a policía local teña que multar a vehículos que estan mal aparcados. En canto ao lugar, lle parece o máis axeitado, aínda que está aberto a calquer opinión ou suxerencia. Se hai algún problema é porque a xente non cumpre determinadas normas de seguridade pero non ten que ver o lugar.

3.- Quero manifestar, unha vez máis, a nosa oposición a que no lugar onde se quere construir-lo auditorio, se realicen "verquidos controlados", e digo "controlados" porque os realiza ó propio Concello, feito este dunha extrema gravedade. Creemos que este lugar debería ser destinado ó disfrute de veciños e veciñas, dende hai moito tempo.

Por certo, que hai poucos días tiveron que vir os bombeiros para apago-lo lume producido ó queimarse o lixo alí amontonado. Pregunta: ¿Con que autoridade podemos prohibir realizar verquidos si é o propio Concello quen incumpre?.

Resposta.- O Sr. Alcalde manifesta que non se trata de verquidos de lixo realizadas polo Concello.

NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

- O Concelleiro SR. ALFAYA PAZ, formula as seguintes preguntas:

1.- En declaracións feitas no xornal Faro de Vigo, coa data do 31 de marzo, o concelleiro de Feiras e Mercados asegurou que existe un compromiso da Consellería de Medio Rural para financia-la refroma das instalacións do Mercado do gando, co fin de axeita-las á normativa vixente, manifesta que "o goberno aportará unha subvención de 100.000 euros para esta actuación e para a obra dunha rede de saneamento en Cesantes".

Pasados dous meses desta declaración, quero facer as seguintes preguntas:

Que parte dos 100.000 euros corresponden, en concreto, á Feira do gando?.

Cando darán comenzo as obras e que prazo hai para o seu remate?.

Resposta.- O Sr. Pérez Pardo dí que él non fixo ningunha declaración e que o xornalista recolleu simplemente o que dixo no pleno, polo que considera que a pregunta xa quedou contestada no pleno do pasado mes de marzo. Pensa que o importante é que se van a face-las obras xa que están no orzamento de 2006 e ten que licitalas a Consellería.

2.- Sr. Alcalde, nas súas declaracións feitas o 7 de abril no xornal Faro de Vigo, sinala que na reunión que pensa ter cos representantes de AUDASA e de FOMENTO, voltará a plantexa-la construcción du acceso á autopista na zona de Torres de Padín, en Chapela, e tamén a instalación dunha rotonda despois da saída da AP-9 en Trasmañó, no cruce coa estrada N-552.

Resposta.- O Sr. Alcalde dí que a resposta é positiva e que parece que a cuestión está madura. Pensa que Fomento está a face-lo proxecto da rotonda.

3.- En declaracións feitas polo Concelleiro de Facenda, o 5 de abril no xornal Faro de Vigo, se manifesta partidario, debido o seu déficit, de "establecer unha nova taxa na matrícula do Conservatorio". Tamén declara "que a xestión do Conservatorio non debía ser da competencia municipal, senón do Goberno galego... Termina a nota decindo que "se plantexará á Xunta que se faga cargo do Conservatorio".

Resposta.- O Sr. Alcalde dí que hai unha xuntanza o día 1 de xuño en Santiago para tratar estes temas. Supón que a Xunta non vai a colle-lo conservatorio pero se intentará que aumenten a financiación. En canto á taxa él é partidario de que suba cada ano.

4.- Creemos, dende o Partido Popular, que o chan do novo paseo, á carón do río Alvedosa, non debe ser de terra pois, como temos comprobado no paseo anterior na alameda, teremos, en canto chova, cantidade de pozas que farán moi difícil que se poida utilizar de forma axeitada.

Pregunta: Non sería máis convinte poñe-lo chan de losetas? Ademáis, hai que ter en conta que nos días de feira haberá que poñe-los postos da feira, cousa pouco doada nun terreo embarrado.

Resposta.- O Sr. Alcalde dí que non é partidario de losetas aínda que sí contará cun drenaxe. Pensa que o cemento e a baldosa é demasiado duro e que unha actuación blanda é o axeitado para que teña continuidade co paseo da Alameda.

5.- Na última Comisión Informativa de Interior, ordinaria, na que só asistimos os Concelleiros do Partido Popular, e a Concelleira de Interior, tratouse, entre outros, o tema dos furanchos.

Nas reunións levadas a cabo entre a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería, a Asociación de Furancheiros e o Concello acordouse:

Xustificar ser productores de viño e formar parte do réxime agrario, e conqueri-lo título de

manipulador de alimentos…

Pregunta: Cantos e cales furanchos cumpren estes acordos? Queremos unha relación por escrito.

Na citada Comisión se nos dixo que unha persoa do Concello, nomeada polo Alcalde, sería a encargada de cuidar que se cumpran os acordos.

Pregunta: Quen é esa persona?.

Resposta.- A concelleira Lago Aller dí que lle pasa a relación dos 27 furanchos autorizados e que, en principio, todos cumpren os requisitos aínda que de momento non lle pode dicir quen se vai a encargar do tema.

6.- No Pleno do mes de marzo fixen referencia á preocupación por parte do Partido Popular, de non dispoñer aínda dun parque industrial no noso Concello para ofertar ás empresas e facilita-la creación de emprego. Se me recoñeceu, por parte do Alcalde, de que o de Chan das Pipas era neste momento un plan virtual.

No mes seguinte, non saio do meu abraio, leo as declaracións do Sr. Pérez Pardo, na súa responsabilidade como concelleiro de Emprego, dicindo (copia textualmente): "En Redondela se va a crear un Polígono Industrial de 150.000 metros cuadrados … Estará ubicado en Chan das Pipas, en las parroquias de Saxamonde y de Vilar … Servirá para crear muchos puestos de trabajo".

Pregunta: Para cando se concreta ese se va a crear? Sabe o Sr. Pérez Pardo que se fala do "asunto de Chan das Pipas", alomenos, dende os anos noventa?.

Por certo, Sr. Alcalde, que o Sr. Touriño, na súa recente visita a Mos, falou dun gran Polígono Industrial de 800.000 metros cadrados para ese Concello. E nos, mentres, perdendo as oportunidades, coma sempre.

Pedimos realidades concretas, e non futuribles. Aplíquese Sr. Pérez Pardo, o que vostede lle dí a outros: "O falar non ten cancelas".

Resposta.- O Sr. Pérez Pardo dí que o polígono se creará co desenvolvemento do plan e que él non fixo ningunha declaración sobre iso xa que a entrevista á que se refire o señor Alfaya é do ano 2005. O Sr. Alcalde dí tamén que o Plan en marcha prevé 450.000 m2 de solo industrial, dado que non hai máis, pero en calquer caso a situación do Concello de Mos é peor que a de Redondela, xa que teñen o PXOM máis atrasado.

7.- Hai tempo que o Partido Popular fixo chama-la atención, con nota nos xornais, sobre o descuido na limpeza realizada nos días de feira, producíndose a caída de moitas bolsas de plástico ó río Alvedosa. Tempo despois, se colacaba unha rede protectora á beira do río.

Nas últimas feiras, deixaron de poñerse, non sabemos o motivo, pero as consecuencias están á vista, ducias de bolsas de plástico cairon ó río na feira do 6 de maio, que contribuirán a emporcar, aínda máis, as nosas costas e praias.

Pregunta: Por que se deixou de coloca-la rede á beira do río? Quen é o concelleiro responsable?.

Resposta.- O Sr. Pérez Pardo dí que se retirou a rede tanto polas obras como por motivos hixiénicos.

O SR. ALFAYA PAZ, tamén formula os seguintes rogos:

- A rúa da Picota, na zona das ruinas dos canastros, non pertence ó Concello de Redondela, xa que

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

leva meses sen atender.

ROGO se corte a abundante vexetación, se limpe o lixo e se pinten as estructuras metálicas, cheas de ferruxe.

- Á praia de Cesantes non lle chega con limpa-las algas e "peitea-la area". Hai que facer un plantexamento máis ambicioso, pois presenta moitas dificiencias.

ROGO se retire a grande cantidade de pedras para conquerir un areal máis axeitado, se arranxen as duchas, se mellore o acceso á praia, se faciliten máis lugares de aparcamento e, o máis grave, se controlen os verquidos de augas fecais e lixo.

- Na rúa Ernestina Otero, na beirarrúa a carón do edificio nº 57, onde viven ducias de veciños e veciñas, houbo un afundimento que mesmo lle afectou á arqueta do sumidoiro. Este feito provoca que se estean a verter na propia rúa parte das augas fecais. Esta situación foi posta en coñecemento dos concelleiros de Obras e de Medio Ambiente pola Comunidade de Veciños do edificio, sen haber ata o momento, e pasaron varios meses, ninguna resposta.

ROGO lle presten atención a esta demanda e non fagan oídos xordos.

- As obras do Conservatorio de Música na porta e na súa fachada eran unha necesidade que hai que recoñecer.

ROGO que tamén se arranxe o cano desprendido do tellado, se limpe e mellores o "xardín" do seu orredor, se pinte a rede metálica da entrada e a porta que están enferruxadas e, sobre todo, se cambie o corcho das paredes das augas que está cheo de buratos e que se cae en anacos polo mal estado de conservación. Non estaría de máis, que os alumnos e alumnas tiveran un patio de recreo en mellores condicións.-

- A SRA. CANAL GÓMEZ, pregunta cando se vai a aprobar o presuposto, respostándolle o Sr. Alcalde que proximamente.

A mesma concelleira pregunta pola data en que se remitiu á Deputación a documentación para xustifica-la documentación relativa á praia de Arealonga, respostándolle o Sr. Pazos Docampo que foi xustificada en tempo e forma e que as obras están feitas e o diñeiro aínda non chegou. Dille tamén que confunde os papeis.

A Sra. Canal Gómez dí que o Sr. Pazos non lle ten que dicir como debe de cumprir as súas funcións.

Despois de chamala á orde repetidamente, por tratarse do apartado de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde retíralle a palabra á Sra. Canal Gómez e a chama *"maleducada"*, extremo que, se pide, conste en acta.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinteunha horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 110 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1177970 ata o folio núm. 113, Serie A nº 1177973, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL